



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Indemnizacións e asignacións

ANUNCIO

ORGANIZACIÓN CONCELLO: 7.- INDEMNIZACIONES E ASIGNACIONES

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria realizada o 22 de xuño de 2023, adoptou o acordo que na súa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO.- Os concelleiros que non ostenten dedicacións percibirán indemnización pola asistencia aos seguintes órganos dos que formen parte, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberán realizar os descontos oportunos:

- Pleno Ordinario: 240,88 €
- Pleno Extraordinario: 60,22 €
- Xunta de Goberno Deliberante: 156,57 €
- Xunta de Goberno Decisoria: 120,44 €
- Xunta de Goberno Extraordinaria: 96,35 €
- Comisión informativa de Programación: 75,00 €
- Mesa de Contratación: 150,00 €

SEGUNDO.- Os grupos políticos percibirán unha asignación fixa mensual de 750,00 euros, aos que se engadirán 50,00 euros por cada concelleiro/a co que contén. Desta dotación deberase levar contabilidade específica, que se poñerá a disposición do Pleno sempre que este o pida, cumprindo co disposto no artigo 73 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO.- Publicar o correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncio, na sede electrónica municipal e portal de transparencia, e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.”

O que se publica aos efectos oportunos.

Betanzos, 28 de xuño de 2023

A alcaldesa

María Barral Varela

2023/5219